



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Continuación do corte anterior: MPG_SchSa_0140_001_en_Ponteceso_IV_2_1_id594

Calviño:

Logho a túa Celestrino
que eu eso aínda no sabía
inda estaba en permanente
cose tal como cosía;

Celestino:

A miña xa non che cose
que hai un punto de razón
que tou ben pior ca ti
que eu padezo ao corazón;

Calviño:

E vou decirche unha cousa
como así debe de ser-e
aghulla co corazón
eso que terá que vere;

Celestino:

Pero non circula a sangue
que non hai outro remedio
eu pra que o hei neghare
que me dobra polo medio;

Calviño:

Vou facer exploración
ti has poñerte ao meu lado
que penso que esas aghullas
ten o muelle enfurruxado;

Celestino:

Pois daquela desa forma
así o apuntan os papeles
pero eu podo aprobar-e
siempre que queiras con eles;

Calviño:

Pois ven por aló un día
que eu non cho hei de neghare
pro tes que falar con ela
a ver se che quer deixar-e;

Celestino:

Como vas cortarlos pinos
debeste desengañar-e
ti vas tranquilo pro monte
despois habemos de arreghar-e;



Calviño:

Eu anque estea na casa
que eu nacín tan formal
como ela sea conforme
deixoche probar ighual-e;

Celestino:

Nos imos pra o sobrado
eu heite desengañar-e
e ti moelo fouciño
e vas pra o monte cortar-e;

Calviño:

Vou se me da a ghana
ou vou se me manda Dios-e
ou senon quedo na casa
e tou mirando pra vos-e;

Celestino:

Mirando pra min non quero;
co detalle xa o vin
que ca rabia que che dou
se cadra ves ti a min;

Calviño:

Eu a ti non me hei dir
sin chaqueta nun refaixo
e ela xa non a vexo
xa que a metes por baixo;

Celestino:

Ahora date de cuenta
aquí eu nun camarín
como é muller robusta
faiche máis bulto ca min;

Calviño:

Home por Nostro Señor
vou acabar de contado
dúranos ben tempo a aghulla
cambiemos pra outro lado;

Celestino:

A aghulla a ti Calviño
podémosche cambiar-e
que agora daste de cuenta
que eu non tardo en terminar-e;

Calviño:

Ti terminas de contado
fora eu no camarín
os anos vanchos pasando
pásache ighual ca min-he;



Celestino:

O conto da miña aghulla
eu pra que o hei neghar-e
o dobrarme polo medio
pois no podo remediar-e;

Calviño:

Pois deixala aghulla así
porque así pásalle a todos
ao levalos pantalóns-e
pra facer os xastres novos;

Celestino:

Hastra che dou a razón
que eu nas podo endreitar-e
e como doblar doblou
como hei de remediar-e;

Calviño:

Nós aínda cosemos algo
coas nosas modas novas
xa que nos deran de traxe
unhas costureiras novas;

Celestino:

Se a costureira e nova
eu heite desengañar-e
que eu padezo ao corazón
había de pelear-e;

Calviño:

Ti co teu peleamento
valiaste do teu xeito
a aghulla entrábache ben
se tiña o burato feito;

Celestino:

Ai entrar entraba ighual
como debes comprender-e
que lle poño unhas parexas
se cadra imos meter-e;

Calviño:

Ti parexas non llas poñas
aténdeme esta razón-he
que se lle pos parexas
esgházalo pantalón-he;

Celestino:

As parexas que lle poña
que lle estrica a pipela
e cuase era un favor
que lle farvorecía a i-ela;



Calviño:

Home por Nostro Señor
o mundo digha o que queira
cando fagha un pantalón
hei de ir a unha costureira;

Celestino:

Pois ti vas a donde queiras
se o sei non o decía
que eu pa dar unha puntada
chéghame ben túa tía;

Calviño:

Miña tía non che vale
ti aténdeme o Belén
porque miña tía hoxe
pantalón xa non o ten-he;

Celestino:

O pantalón claro está
que eu heite desengañar-e
o pantalón xa o ten
pero ela o quitaría;

Calviño:

Alabado sea el señor-e
que hoxe aquí tou ben contento
ghíate por min Celestro
cambiamos de mandamiento;

Celestino:

Heiche dicir unha cousa
entre xente estranxeira
eu desengaño a Calviño
que cambie pra donde queira;

Calviño:

Tanos terminando a cinta
e ténche muitas razóns
que imos falar das pereiras
pexegheiros e limóns-e;

Celestino:

Teño unhas mazaerías
van de inverno e máis de vran
creo que teñen mal sitio
moita froita non a dan-he;

Calviño:

Por de agora aínda son novas
deixa que aínda han de dar-e
se non dan con esas pughas
ti vólveas a enxertar-e;



Celestino:

Enxertei con boa pugh
pra acabar de contadiño
pro creo que non me vale
coma as pughas de Calviño;

Calviño:

Pois vouchas enxertar eu
que eu vállome do meu xeito
que lle mezclo un pouco barro
a pughá préndecche ó dreito;

Celestino:

Eu creo que aló en Tallo
que eu xo sei conforme empughá
que non hai un plantío para eles
se me reghálala pughá;

Calviño:

Sonche moi bo hortelán
neso algho traballei
e se vou á túa i-horta
heiche enxertar pola lei-e;

Celestino:

Ha de vir á miña i-horta
que eu eso non o sabía
enxertarme alghún plantío
que prenda no outro día;

Calviño:

Heiche enxertar limoeiros
senon heichos de plantar-e
porque teño alghún na casa
aínda cho podo emporcar-e;

Celestino:

Pois se os tes emporcados
hasta o debes reghalar-e
e se ves que ti non podes
si che cadra vouchos paghar-e;

Calviño:

Pois vou decirche unha cousa
non teño dous corazóns
o día que aló chegaras
haslle de ir ver os limóns-e;

Celestino:

Eu xa vin no limoeiro
ca cousa vai pola brava
e máis fijeime algho deles
xa vin os limóns que daba;



Calviño:

Ten vinte catro limóns
e máis son moi bonitiños
e ten os ghallos en baixo
e mais tan ben enxardiños;

Celestino:

Precisaba un limoeiro
que eu falo á miña maneira
teño un e non val nada
porque o comprei na feira;

Calviño:

Pois ten un ghallín en baixo
que eu non son dos de Castrís
hei de mirar pouco a pouco
a ver se bota raíz-e;

Celestino:

Pois ó que bote raíz-e
o detalle xa o vin-he
dunha vez que és un amigho
reespétalo para min-he;

Calviño:

Dá uns limóns de primera
non che vou falar de pillo
pro sin poñer nin quitarlle
son ighual que este pocillo;

Celestino:

Eu plantei un hai tres anos
que é boa calamidá
e reespetoo cando podo
e maldito limón me da-e;

Calviño:

Ten vinte catro limóns-e
senon vaillos ver alí-e
e ten un fillote en baixo
heino ghardar para ti-e;

Celestino:

Eu quero un limón deses
anque pase alghún traballo
polo menos sempre digho
teño un plantío de Tallo;

Calviño:

Tan os limóns de bonito
como eles non calquera
eu creo que se sighe así
limoeiro de primeira;



Celestino:

Home eu vino unha vez-e
que eu xa sei no que se pasa
e ghústoume a pinta del-e
un día na túa casa;

Calviño:

Veu unha xiada de inverno
mandárono os de Castrís
caiulle por riba del
fastidioulle algho o narís-e;

Celestino:

Ti botáchelle alghún barro
que eu non llo quixen botar-e
pro seghuramente este ano
heino ter que reservar-e;

Calviño:

Ti bótalle un pouco barro
que cho pido de favor-e
despois arrímalle esterco
separado darredor-e;

Celestino:

Eu xa llo teño botado
que eu coma a Virghen do Carmelo
o que me sucede a min-he
non ter eu con que traelo;

Calviño:

Pois eu díghoche unha cousa
ti de min nunca te rís
pro nunca lle botes zurro
que lle apodrece a raíz-e;

Celestino:

Ighual sucede unha cousa
teño un tipo de ghallegho
porque non queda máis lonxe
donde teño o pozo neghro;

Calviño:

Pois se cadra faille daño
non te trato sin lucer-e
porque a raíz do limoeiro
o zurro no pode ver-e;

Celestino:

Ahora date de cuenta
se eu non tou equivocado
do limoeiro ao pozo
hai dous metros separado;



Calviño:

Pois daquela non ten duda
polo que voucho contar-e
si tira pra i-outro lado
válelle pra se alimentar-e;

Celestino:

O que pasa e co limón-he
que de aí non me quer salir-e
como eu fagho co limoeiro
Calviño vasmó decir-e;

Calviño:

Sepáralle un pouco á terra
bótaslle barro a carón
despois carréxaslle esterco
e dache ao dreito o limón-he;

Celestino:

Pois houbo quen che mo dixo
dixo que a miña muller-e
polo visto ese barro
o limoeiro no quere;

Calviño:

Eso que nadie cho digha
porque Dios me dou así
se non ves á miña casa
miras como esta aí alí-e;

Celestino:

Eu vin o teu limoeiro
enseñoumo a doncella
e máis nunha marcha del
ghustoucheme pola vella;

Calviño:

O limoeiro ben feito
porque eu funo preparando
funlle separando as cornas
pra que fose de bo ghando;

Celestino:

Pois daquela desa forma
non ha de ser trapalleiro
porque hei de ir á túa casa
pa traer un limoeiro;

Calviño:

Cando tea preparado
que eu xa no no necesito
ti velo buscar de aló
que non es tan señorito;



Celestino:

Home pois non me poño aghora
por tipo de señorito
porque eu vou á túa casa
co limoeiro bonito;

Calviño:

Ai centiña da miña vida
que España vas recorer-e
parei en cás da miña tía
e máis parei con lucer-e;

Celestino:

Ahora doume de cuenta
que aínda i-eu no no sabía
tás contento pola vella
por tar en cás túa tía;

Calviño:

Pro nin ... autor
nin cura de Corcoestro
para buscar esta señora
pois eu non entendo esto;

Celestino:

Pois se me chegara un coche
e íbate desengañar-e
que esta muller onde vive
había que se portar-e;

Calviño:

Pro aínda non tou na calle
ti estás enterado deso
que se Calviño non morre
aínda a leva a Puenteceso;

Celestino:

Se quere marchar comigho
con esto non me alboroto
que inda lle fagho un amor
que vai comigho en amoto;

Calviño:

Ou tamén pode ir nun coche
que diga o mundo o que queira
que se no no hai en Pazos
hao de haber na Boghalleira;

Celestino:

Pro vou falar polo corno
que eu non tou morto nin preso
co coche ha de aparecer-e
que hasta ven de Puenteceso;

Calviño:

Pois daquela desa forma
xa non hai necesidá
sighamos ghravando a cinta
tamos en tranquilida-ie;

Celestino:

Nunha vez de que a suíza
hasta tou moi permanente
que a hei de respertar-e
como se respeta á xente;

Calviño:

Home débelo facer
se queres ser meu compañeiro
que non debes tratar mal
a quen ven do estranxeiro;

Celestino:

Eu se agharro o meu amoto
que eu heite desengañar-e
por taléfano xa chamo
a un que a ven buscar-e;

Calviño:

Pois usté tea tranquila
que ben sabe o que se pasa
que vai pra donde quer ir
hana de levar á casa;

Celestino:

Eu vou chamar a un taxista
que eu heina desengañar-e
é de toda confianza
que a usté non lle ha de faltar-e;

Calviño:

Vana buscar hasta Pazos
e levaa para Puenteceeso
e se me poño un capricho
aínda non lle cobra un peso;

Celestino:

Pagho eu e ai máis ti
que estríghala pipela
e paghámoslle o viaxe
e despois xa marcha i-ela;

Calviño:

E non facemos milaghro
atende á conversación
tamén leva polo mundo
ghravada a nosa función-he;



Celestino:

Vai na nosa funcioniña
polo que voucho decir-e
e calquera que a sinta
por Dios como se ha de rir-e;

Calviño:

Ai Ghalicia volvo a decilo
Ghalicia vouna nombrar-e
Dios queira Virghen do Carmen
de que empeza a despertar-e;

Celestino:

Se despertara Ghalicia
que eu heite desengañar-e
daquela si que é verdá
onde habíamos chegar-e;

Calviño:

Anque non cheghemos moito
mandemos moito camiño
tan siquiera descubrimos
do terreno un anaquiño;

Celestino:

Heiche de dicir Calviño
que i-é lo meu compañeiro
cando sintan esta voz
aló polo estranxeiro;

Calviño:

Como alaba Suícia
Francia ou Alemania
han preghuntar esa xente
de donde veu esta maña;

Celestino:

Eu se pudera marchar-e
non cho digho por Suíza
daquela xa lle eu decía
que eu marchaba pra Suíza;

Calviño:

A leria que nos falamos
mira o aire para onde vai
era mellor na Argentina
no Perú ou Urughuai-e;

Celestino:

Eu marchaba en Suíza
que eu cóntoche algo o Belén
que eu botei na temporada
a min íbame moi ben-he;



Calviño:

Pro o malo nese sitio
que eu tamén nacín moi pegho
o malo é que en Suíza
non entenden o ghallegho;

Celestino:

Cando íbamos ao baile
eu collía unha doncella
iba ao baile alemán
e abrazábame na vella;

Calviño:

Ó, cala a boca Celestro
non tabas na terra nosa
pro ti desas caralladas
non chas soubo Ghenerosa;

Celestino:

Home parece mentira
que eu recordo nun servicio
abrazábame na vella
que fai o mesmo servicio;

Calviño:

Válghame a Virghen do Carme
que eu eso no no sabía
él abrazábase ás vellas
que as mozas no no querían;

Celestino:

Habíache ben rapaces
co detalle xa o vín
que se abrazaban na vella
e facían coma min-he;

Calviño:

Pois buenas noites a todos
perdona por molestar-e
que se a cinta xa acabou-e
ordenamos de marchar-e;

Celestino:

A cinta xa se acabou-e
porque a xente non é boba
ti aghuantateme un pouco
porque empezou outra nova;

Calviño:

Daquela desa maneira
proveito pra quen escuite
que a suíza non é tonta
ten cintas pra toda a noite;



Celestino:

Vaite indo pouquiño a pouco
cousas que pasan na vida
cunha xa se terminou-e
aínda ten outra escondida;

Calviño:

Home Nostro Señor-e
entendeme este Belén
e daquela ese bolso
cantas cintas ten-he;

Celestino:

Ti vai esticando a ghorxa
e falando pola lei
aínda eu non lla vin todas
que agora non llas contei;

Calviño:

Alabado sea el Señor-e
pídlle clemencia a Dios
por non viren eses homes
agora apandamos nós-e;

Celestino:

Pois aínda que viñera o cura
ighual que Montevideu
non ibas equivocado
non estaba no sitio teu;

Calviño:

Chamáballe alghún nome
que lle había caer ben
a máis nunca se enfadaba
porque os merece ben-he;

Celestino:

Home parece mentira
que eu xa sei como obedece
a máis non lle iba chamar-e
con todo o que él merece;

Calviño:

A un cura dos moi feitos
nin chaqueta nin rabuzo
esta muller veu andando
desde Tallo hasta Leduzo;

Celestino:

Por eso eu xa che digho
que esta non é veu bollada
por eso eu non lle cobro
que leva a cousa ghravada;



Calviño:

Pois aghora xa lle ven
que a cousa de caraveles
non arrolle o noso solo
tamén vai alghún pra eles;

Celestino:

Ahora date de cuenta
que eu teño a cara moi dura
que inda non me quedo neso
que aínda lla seghunda o cura;

Calviño:

Pois deixao quedar tranquilo
non nombres máis a palabra
que a tal hora don Francisco
xa esta ... churruscada;

Celestino:

Estará nunha churruscada
non cho vou neghar a ti
pero o conto da amistá
pois non te invitou a ti-e;

Calviño:

Pois a min non me invitou
tamos en medio de mes
pro non llo tomo a desprecio
xa non é a primeira vez-e;

Celestino:

Invitar non te invitou
ighual que Montevideu
non lle vas ter máis aprecio
que tamén te invitei eu;

Calviño:

Pois ghústanme así os homes
fora ou no camarín
se xuntamos vinte pesos
son para ti e máis para min-he;

Celestino:

Pois aínda é a primeira vez
coa túa carallada
vinte pesos hainos hoxe
volvamos á parrillada;

Calviño:

Pois se queres sai ó dreito
que eu teño mechero preso
a máis de paso que imos
vai esa pra Puenteceeso;

Celestino:

Se cheghara o taxi agora
que mo dixo meu avó
collianos xa ós tres
e marchábamnos para aló-e;

Calviño:

Sighe cantando se queres
co papel tase perdendo
leva falta de cancións
porque a cinta tá correndo;

Celestino:

A cinta táche correndo
que eu non cho hei de neghar-e
descansacheste un pouquiño
co asunto de fumar-e;

Calviño:

Porque cantando seghido
non temos outro remedio
aínda ca canción seghida
metendolle un cigharro ao medio;

Celestino:

Pois mételo polo medio
que hai un punto de razón
mentres tanto xa eu digho
que descanse a canción;

Calviño:

Vamos falarlle das vellas
que eso vaille sentar ben
a máis como fan o caldo
que eso non o sabe ninguén-he;

Celestino:

Pois mira date de cuenta
co detalle vai moi ben
pero a miña patroniña
o caldo faino moi ben-he;

Calviño:

A túa faino moi feito
que outro traballo no ten
algunha faille a larada
e marcha pro alcacén-he;

Celestino:

A nosa bota a verdura
ighual ca en Montevideu
despois vai lavar a roupa
pro tizar tízolle eu-e;



Calviño:

Tízaslle ó pote ou a i-ela
aténdeme esta razón
que eu non che comprendo ben
a túa conversación-he;

Celestino:

Boto o leño na cociña
como dixo San Bernardo
con que a augha non che ferva
que vaia apurando o caldo;

Calviño:

Pro ti faillelo na i-augha
Celestrino non te entendo
ou faslle lume a esa pota
cando o caldo tá fervendo;

Celestino:

Ó que lle ceiba a verdura
como debes comprender-e
e ao ter todo dentro
que non pare de ferver-e;

Calviño:

E o mérito do caldo
falaches de decidido
que non pare de ferver
hasta que tea cocido;

Celestino:

Que ferva pouquiño a pouco
con eso non cho cobizo
que vaia a aghua ao seu xeito
senon desfaisse o chourizo;

Calviño:

Home por Nostro Señor-e
díghocho como merece
porque o chourizo o caldo
xa o leva poucas veces;

Celestino:

Home parece mentira
que es un home de bighote
en canta casa probe
na casa levao de cote;

Calviño:

Leva chourizo de cote
falas con entendemento
pro pa ir polo chourizo
aínda non tes sempre tempo;



Celestino:

Fun hoxe pola mañán-he
neghar no pode neghar-e
que fun á casa de Alberto
mira a i-onde o fun buscar-e;

Calviño:

E logho pra facer caldo
vouche xa me doe no colo
ti fas catorce viaxes
traes un chourizo solo;

Celestino:

Home parece mentira
xa cho dixen outra vez
fagho viaxes con forza
a ducia de cada [vez].